

Rutina

É luns pola mañá, comeza unha nova semana, tan parecida a todas as demais, erguerse, almorzar, ducharse, vestirse, saír de casa ás présas, coller o bus, chegar a clase, sentarse, escoitar, tomar apuntamentos... chega a hora do recreo, media hora para comprar a merenda, merendar e falar coas túas amigas e amigos, soa o timbre, e de volta a clase, tres horas máis escoitando e tomando apuntamentos.

Son as 14:30, soa o timbre, pero o profesor quere seguir falando, cinco minutos despois saes de clase, volves ao bus, chegas á casa, comes, fas deberes, ves algún capítulo dalgunha serie, estudas, xa son as oito, non sabes como nin en que momento pasou todo ese tempo pero vas á ducha, ceas e para a cama, estás co móbil ata que che entra o sono e dormes.

Xa é martes, queda un día menos para que sexa sábado, repites o feito o día anterior, e así día tras día.

Por fin é venres, mañá xa é sábado, o día que tes pensado quedar cos teus amigos, tes moitas ganas.

Volves levantarte, almorzar, ducharte, vestirte, saes de casa ás présas, colles o bus, chegas a clase, sentas.... En fin, xa sabedes o que vai despois.

Ao soar o timbre das 14:30, saes de clase, e ao chegar á parada, o bus non está, unha señora diche que hai folga, e que os autobuseiros non van traballar durante polo menos unha semana. Chamas aos teus pais, “Hai folga e os condutores do bus non traballan, que fago?” preguntas. “Vai cas dos avós, cando poidamos recollémosche.” responden.

Entón vas á casa dos teus avós, que está a uns vinte minutos da estación de bus, xa que viven ás aforas. Xa son as tres, hai moi pouca xente na rúa. Xa estás chegando. Ao final da avenida está o portal, vas cos cascos, escoitando a *Guadi Calego* e mirando o móbil, ergues a cabeza e ves un home, ten unha pinta algo rara, pero estás aprendendo a non xulgar á xente sen

coñecela, así que limpas a túa mente de calquera pensamento negativo e segues andando con normalidade.

Está a dous metros de distancia, a un, está ao teu carón, segue andando, “xa pasou”, “non tiña ningún motivo para ter medo”, “son unha esaxerada” pensas.

Entón miras para atrás, non sabes por que, pero falo, sae de dentro, e ves que o home tamén está mirando para ti, métese nun coche e arranca, na túa dirección, ti corres, non sabes se é unha coincidencia pero prefires non arriscarte. Xa estás case no portal. O coche para á túa beira, o home baixa, corre cara a ti, ti corres todo o que podes, pero entón, suxeita a túa coleta e tira para atrás, suxéitate e métete no seu coche, comezas a chorar e a berrar, pero ninguén te escoita.

Pola túa cabeza empeza a pasar de todo, tes medo, cres que vas morrer, que te vai violar, que te vai vender, pensas de todo, se os teus pais se decatarán, e ata a máis mínima parvada, como que mañá non vas poder quedar cos teus amigos. Intentas manter a calma para que o secuestrador non che faga dano ou non se canse de ti e te mate moi rápido. Tamén pensas en todas as veces que dixeches “quero morrer” e dáste de conta de que non sabías o que dicías.

Só pasaron tres minutos dende que entraches nese coche, as portas están bloqueadas, dirixeste á autoestrada, ves un cartel no que pon Ourense, pero tamén ves outro no que pon Madrid, tes medo, é o único que sabes.

Cinco minutos que pareceron horas, tes o móbil no peto, pensas en collelo rápido pero estás paralizada, sentes que o teu corpo non é teu, porque non es quen de movelo.

“Que tal estás?” pregúntache o home, queres responderlle que estás mal, que tes medo, que non te podes mover, que queres ir á casa e seguir coa rutina de todos os días, queres facerlle moitas preguntas, dicirlle que porque ti, que a onde vas, que vai facer contigo, tamén queres insultalo, chamarlle de todo, pero en lugar diso, non dis nada. Entón pídeche o teu móbil, o teu contrasinal, mándalle unha mensaxe á túa nai. “Mamá, vou comer cunhas amigas, vou

estar toda a tarde con elas, teño pouca batería, así que se necesito algo chámote desde o móbil dalgunha delas, igual quedo a durmir, xa che direi.” Le a mensaxe en alto, mentres a está a escribir, e empezas a pensar, “mamá por favor, non caias”.

A túa nai responde, “vale cariño, calquera cousa chamas”, nese momento comezas a chorar, a chorar moito, entón o coche para nun lado da estrada, o home di “a durmir” ponche algo na cara, empezas a ver borroso, os ollos péchanse sós... non lembrás nada a partir dese momento.

Espertas e tes a alguén enriba de ti, é o home do coche, esta violándote, queres que pare, pero non tes forzas para loitar con el, estás drogada.

Cando o home para, chega outro, empezan a facer de ti un xoguete, ti berras que paren, pídesllo por favor, choras, o último que recordas é volver a durmirte. Pero esta vez non espertas máis.

Ao día seguinte atópante nunha cuneta, os teus pais nin sequera sospeitaban que estiveses en perigo, cando a policía vai á túa casa e cóntalles o ocorrido, derrúbanse, non poden crelo, a túa nai senta no chan e comeza a chorar, o teu pai non pode nin moverse, está en *shock*.

E entón empezan as preguntas, buscan unha razón, un culpable, “se a tivésemos recollido...”, “se tivese sospeitado da mensaxe...”. Pero o certo, e que non hai máis culpables que o home que, por crerse superior a ti, meteute no seu coche, drogoute, violoute e matoute, sen motivo ningún, soamente porque é un enfermo.

E isto, é unha rutina, isto está pasando agora mesmo mentres estou escribindo este relato, pasou onte, a semana pasada, e por desgracia, pasará a semana que ven.